

## Varios

### **Discriminacións retributivas nos centros. Para algunhas cousas hai cartos, para outras non**

A oferta de acceso a cátedras vai supoñer un incremento de 3.203.200€ anuais para mellorar as retribucións de 1.300 docentes. Non se pode, por tanto, alegar insuficiencia orzamentaria. A Xunta fixa prioridades e prefire esta a resolver en primeiro lugar a mellora xeneralizada das nosas condicións de traballo, co incremento necesario de profesorado para poder reducir o horario lectivo que reclamamos.

Mais tampouco se toman medidas para mellorar as discriminacións que a día de hoxe se producen dentro dos nosos centros:

- ★ O pago de coordinacións nos CIFP, ao estaren recollidos na orde de confección de nóminas que non se pagan nos demais centros nos que se fan esas funcións: Calidade, TIC, Programas Internacionais, Formación ou Biblioteca.
- ★ O Profesorado Técnico de FP que realiza as mesmas funcións que o PES das especialidades de FP mantén unha diferenza salarial polo corpo no que están integrados que, a falta dun cambio a nivel estatal ben se podería suplir cun complemento compensador. Unha equiparación que se debería estender ás especialidades de mestres na ESO.
- ★ As mestras e mestres de PT e AL que traballan nos IES e non cobran como os compañeiros das demais especialidades.

- ★ Profesorado que imparte nos conservatorios superiores como nivel 24.

A Consellaría mira para outro lado nas discriminacións ás que facemos referencia e só se limita a reiterar que optaron por convocar cátedras.

### **Queixa da Xunta de Persoal de Pontevedra pola actitude da Xefatura Territorial na negociación de vacantes do CXT.**

Damos lectura do escrito remitido pola Xunta de Persoal de Pontevedra logo dunha primeira reunión para negociar as vacantes do CXT.

*“A Xunta de Persoal Docente desexa rexeitar por escrito a negativa expresada na reunión do 27/11/19 pola Xefatura Territorial de Pontevedra a asumir os criterios establecidos no pasado concurso de traslados pola Comisión Técnica e recollidos en Anexo á acta do 09/04/2019. A Xefatura Territorial como órgano dependente da Consellaría de Educación debe aplicar os mesmos criterios.*

*En consecuencia, esta XPD reclama que se computen 14 horas totais para o primeiro posto e 20 horas totais para os seguintes, así como todas as materias, módulos e grupos, explicitados en dita Acta e que inclúen expresamente os desdobramentos que estean a funcionar nos centros, os Ámbitos dos PMAR, módulos da FPB, etc.*

*Esta XPD reclama igualmente unha explicación con datos de cada unha das vacantes das que se solicita a súa inclusión na oferta ou polas que se interpela neste órgano institucional”.*

O desprezo amosado tanto polo Xefe Territorial como polo Xefe de Inspección de Pontevedra cualifícanos a eles como persoas, mais o seu comportamento é indigno de representantes dunha administración pública. Sabemos que non lle gustou nada que o CXT do ano pasado levantar o tapón que provocaron no CXT durante todos estes anos mais queremos que quede claro nesta mesa se a Dirección Xeral vai amparar esa actuación ou van imperar os acordos adoptados.

**A Consellaría afirma que os criterios aprobados o curso pasado están para seren cumpridos e reitera que, unha vez celebradas as reunións nas Xuntas de Persoal, se revisarán as reclamacións que as organizacións sindicais poidamos presentar.**

### **Instrucións da Inspección para refacer horarios nos CEIP e incumprimentos de catálogos**

---

Parécemos lamentábel o que está a facer a Inspección Educativa coa corrección dos horarios do profesorado dos CEIP, reducindo as gardas lectivas ao mínimo e ampliando ao máximo as horas das mestras de PT e AL. A atención á diversidade non se pode construír sobre o empeoramento das condicións de traballo do profesorado.

Ao tempo detectamos tres casos de flagrantes incumprimentos de catálogos en prazas de PT e AL. Un deles, no CEIP Ponte dos Brozos, solucionouse. En dous aínda non (CEIP W. Fdez. Flores de Cambre e CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco). Sabe esta Dirección Xeral que hai un alumno con importantes necesidades de apoio na unitaria de Pravio (Cambre) ao que só agora se lle envía unha docente de AL 2 horas á semana

cando no centro base hai unha praza completa sen cubrir? Vai facer algo ao respecto?

**Están de acordo coa actuación da inspección e non poñen en cuestión que se estea xogando coa atención á diversidade e cos propios horarios do profesorado.**

### **Cambios na oferta de Bacharelato en Culleredo e na Coruña**

---

Na última reunión da permanente da Xunta de Persoal da Coruña o Xefe Territorial non informou aos representantes sindicais sobre os cambios que prevén no Bacharelato en Culleredo. Menos de 24 horas despois a decisión foi comunicada pola dirección do IES Universidade Laboral ao Claustro e unha hora antes xa tiñan coñecemento as ANPAs: o fin da oferta do Bacharelato nese centro e a cambio de ensinanzas para o IES Rego de Trabe.

É unha falta de respecto e un exemplo máis de como exercen os políticos do PP os postos de responsabilidade política. Porén, máis alá das formas está o fondo. A Consellaría leva anos dando bandazos con este tema, mesmo provocando cambios nas vacantes do CXT. Solicitamos que o tema se leve ao Consello Escolar Municipal para que se emita un informe sobre como debe ser a solución que se adopte.

Tamén solicitamos da Dirección Xeral se nos aclare se hai previsión de facer cambios na oferta do Bacharelato no concello da Coruña, toda vez que se estende o rumor de que hai plans para acomodar a oferta de tres IES: A Sardiñeira, Elviña e Urbano Lugrís. Moito nos tememos que “acomodar” queira dicir eliminar a oferta nalgún destes IES.

A postura da CIG-Ensino ao respecto é clara: **non se debe reducir a oferta educativa en ningún centro** e se hai que facer cambios, estes deben ser pactados.

**Non son conscientes de ningún dos cambios indicados.**

## **Reclamación da CIG-Ensino polo escrito da Dirección Xeral impedindo que o persoal interino sexa membro dun equipo directivo**

Na última Mesa o Director Xeral dixo que a Consellaría ía contestar á nosa demanda. Estamos agardando. Vaino facer?

**Contrariamente ao afirmado na Mesa anterior, negan que vaian contestar e confirman que o persoal interino “non pode ser membro do equipo directivo se hai persoal funcionario de carreira no centro”.**

## **Actualización das listaxes de substitución de mestres.**

A piques de rematar o primeiro trimestre están as listas sen incorporar co persoal opositor deste ano. Queremos que se nos indique cando van estar e se nalgunha lista, ademais de Francés, tiveron problemas.

**Afirman que as listas non teñen présa en seren actualizadas xa que polo momento teñen persoal suficiente nas listas actuais. Din que teñen problemas coas novas titulacións xa que non aparecen as mencións e iso está retrasando o proceso.**

**#12decFolgaEnsino**

**FOLGA 12DEC**

Manifestación Nacional en Compostela  
Praza Cervantes 12:00 h

[www.cig-ensino.gal](http://www.cig-ensino.gal)

### **OS NOSOS LOCAIS**

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)